

O GRAO DE ADECUACIÓN DA OFERTA COA DEMANDA DE TITULACIÓN NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Sara Fernández López

Universidade de Santiago de Compostela

Alberto Vaquero García

Universidade de Vigo

RESUMO

Ao longo dos últimos anos véñse comprobando certa falta de axuste entre a oferta de titulacións universitarias e a demanda que destas fai o mercado. Esta situación, lonxe de ser unha cuestión conxuntural, precisa da máxima atención ao tratarse dun claro condicionamento non só para o tecido produtivo, que ve incumpridas as súas necesidades de persoal debidamente formado, senón tamén dos propios estudantes universitarios, que tras anos de inxente esforzo comprobaban como o tempo que investiron en estudar se pode ver malogrado pola ausencia dunha adecuación da súa formación á demanda do mercado. A todo o anterior hai que engadir, ademais, a ineficiencia que, en termos de utilización de recursos públicos, se pode estar a producir.

Nun momento de importantes cambios, en boa medida como resposta ao proceso de adecuación das nosas titulacións ao Espazo Europeo de Educación Superior, e en pleno debate acerca do catálogo de titulacións e, entre outras cuestións, ao seu achegamento ás necesidades produtivas, este traballo analiza a situación actual de axuste-desaxuste entre a oferta e demanda de titulacións no sistema universitario de Galicia dende unha óptica comparada.

PALABRAS CLAVE

Axuste oferta e demanda, eficiencia, universidade.

1. INTRODUCCIÓN

Dende hai máis dunha década un dos temas que máis preocupa aos responsables das universidades é adecuar a demanda á oferta educativa. Sen dúbida, este cambio de mentalidade respondeu ao paulatino descenso no número de alumnos, e á forte dependencia financeira das universidades dos recursos asociados á matrícula, que mingou considerablemente os ingresos que as universidades reci-

ben dos gobernos autonómicos. Ao anterior hai que lle engadir, ademais, un crecente interese pola busca da calidade no servizo ofrecido.

O panorama futuro volve incidir na necesidade de axectar a oferta á demanda, especialmente nun momento transcendental para a universidade española, inmersa no proceso de Boloña, xa que a adaptación do sistema actual ás directrices e acordos do Espazo Europeo de Educación Superior vai supoñer un antes e un despois en materia de educación superior.

O obxectivo deste artigo é coñecer o actual grao de adaptación dos estudos universitarios á demanda dos nosos estudantes no marco do Sistema Universitario Galego (SUG), realizando, na medida do posible, un exercicio de comparación coa situación a nivel nacional. Para iso, o traballo que se presenta a continuación artículase do seguinte xeito. Tras a introdución, no segundo apartado realízase un exercicio de descrición da situación actual da oferta e a demanda de titulacións para o conxunto do Estado. No terceiro, efectúase unha análise da situación para Galicia. No cuarto, procédese a efectuar un exercicio de axuste entre a oferta e demanda de estudos para a Comunidade Autónoma galega, dentro dun marco comparado. Péchase o artigo cun conxunto de recomendacións de cara a mellorar a actual situación.

2. A SITUACIÓN ACTUAL EN ESPAÑA: ASPECTOS XERAIS

O actual sistema de *oferta* de prazas públicas universitarias baséase nun mercado regulado polo Estado, onde se garante a prestación da educación universitaria¹. Neste mercado, o Estado establece e regula a normativa de acceso e de taxas² e define os títulos oficiais³ que se poden impartir nas universidades. Cada unha delas ofrece un tipo de ensino e un determinado número de prazas nas distintas titulacións impartidas.

Non obstante, este sistema viviu nos últimos anos importantes cambios, condicionado polo comportamento e evolución do alumnado. Os anos 80 e, especialmente, os 90 estiveron caracterizados por unha masificación sen precedentes nas aulas, o que obrigou, entre outras medidas, a que as universidades establecesen límites de acceso ás titulacións (*números clausus*) e distritos universitarios, á aplicación dun proceso de preinscrición (elixindo a titulación desexada a partir dun conxunto de opcións), ao ingreso na universidade en función da nota media e á obrigatoriedade de reservar unha porcentaxe de prazas para estudantes fóra do distrito (Garreta, 2004).

Ao mesmo tempo, e como resposta inmediata á necesidade de cubrir o servizo, xerouse unha expansión sen precedentes no número de universidades, centros e titulacións. Este proceso de creación de universidades non tivo parangón a nivel europeo. Tanto foi así que España pasou de contar con 28 universidades públicas e 4 privadas en 1980 a ter 47 públicas e 14 privadas en 2000.

Esta expansión na demanda de ensino universitario foise reducindo paulatinamente ao longo da década dos 90, ata chegar ao curso 2000-01, no que se comezou a constatar unha clara redución do número de matriculados, consecuencia das menores cohortes de alumnos potencialmente universitarios procedentes do descenso demográfico. Co obxectivo de captar alumnos, as medidas non se fixeron esperar e comezou a xerarse unha competencia, xa non só entre universidades, senón entre centros dentro da mesma universidade.

No momento actual, coa aprobación en 2001 da Lei Orgánica de Universidades (LOU), establécese unha nova regulación da oferta de prazas nas universidades públicas⁴. Cada comunidade autónoma establece a programación da oferta das titulacións e informa o Consello de Coordinación Universitaria (CCU) do número de prazas dispoñibles. O CCU estuda a solicitude, determina a oferta xeral de ensinanza e prazas e publica no *Boletín Oficial del Estado* a oferta final.

Cada universidade, en función da súa capacidade física (edificios, instalacións, etc.), volume de recursos humanos e materiais e da calidade do servizo que pretende prestar, determina o número máximo de alumnos. Desta forma, o Estado garante o acceso aos estudos universitarios a través da dotación que establece cada universidade, garantindo, en función dos méritos académicos do alumno, un número mínimo de prazas.

Dende a perspectiva da *demanda* de prazas, a situación é algo máis complexa e non resulta tan sinxela de explicar como dende a oferta. En primeiro lugar, porque a demanda dunha titulación pode responder a varias razóns, que poden estar ou non relacionadas. A economía da educación establece que a decisión de estudar (unha carreira ou calquera outro tipo de ensino) lle permite ao individuo dispoñer dun título para acceder ao mercado de traballo, pero, ao mesmo tempo, tamén é posible que decida estudar por gusto (demanda vocacional).

En segundo lugar, convén sinalar que a demanda dunha determinada titulación adoita ser, por regra xeral, cambiante. Moitas son as variables que inflúen sobre as preferencias dunha ou outra titulación; o mercado laboral demanda continuamente novos especialistas e titulados. Este sería, por exemplo, o caso das novas profesións derivadas da sociedade e tecnoloxías da información e a comunicación, o deseño e os estudos relacionados co medio ambiente.

Na actualidade estes títulos conviven con aqueles que no seu momento tiveron gran puxanza e foron altamente demandados, pero que, arestora, e malia o importante volume de matrícula que aínda manteñen, mostran certo esgotamento. A *Táboa 1* permite sinalar como as titulacións “tradicionalistas” son as que aínda recollen un maior número de estudantes. Maioritariamente atópanse naquelas carreiras do ámbito social e xurídico (Mestre, Ciencias Empresariais, Dereito e

Administración e Dirección de Empresas), e iso, a pesar dos coñecidos problemas de inserción laboral dalgunha delas.

En ensinanzas técnicas, son as titulacións de Enxeñería Técnica Informática e Enxeñería Industrial as máis demandadas. En Humanidades, sono especialmente as Filoloxías, mentres que en Ciencias da Saúde, Enfermería e Medicina son as que teñen unha maior aceptación.

Táboa 1

Titulacións con maior demanda (2002-03)

TITULACIÓN	ALUMNOS
Mestre	23.053
Ciencias Empresariais	16.214
Dereito	13.715
Administración e Dirección de Empresas	13.722
Enxeñería Técnica Informática	13.123
Enxeñería Técnica Industrial	12.144
Filoloxías	7.241
Enfermería	7.991
Medicina	5.494
Economía	5.599
Enxeñería en Informática	5.661
Bioloxía	5.592
Enxeñería Industrial	4.990
Arquitecto	4.006

Fonte: CCU (varios anos), MEC

A *Táboa 2* permite establecer cal foi a evolución da oferta nos últimos anos. Compróbase como dende o curso 1994-95 a oferta universitaria en España experimentou un crecemento do 34%, chegando a alcanzar as 1.901 titulacións no curso 2001-02.

Non obstante, este incremento das titulacións ofertadas non veu acompañado dun aumento da demanda (estimada a partir do número de novos inscritos), senón que se produciu todo o contrario, rexistrándose unha diminución do 23% do alumnado. Esta perda resulta maior nas titulacións de ciclo longo (35%) que nas de ciclo curto (5%), xa que parece que estas últimas resultan máis atractivas laboralmente. Non obstante, é preciso sinalar que se trata de grandes agregados e que se observan importantes diferenzas non só en función da duración dos estudos, senón tamén segundo as diferentes áreas.

Táboa 2
Evolución da oferta e da demanda

	1994-95 (A)	2001-02 (B)	Variación (B/A)
Número de ensinanzas (oferta)	1.418	1.901	34%
Total novos inscritos (demanda)	318.533	245.152	-23%
Ciclo curto	124.932	119.281	-5%
Ciclo longo	193.601	125.871	-35%

Fonte: CCU (varios anos), MEC

A *Táboa 3* recolle a evolución do número de titulacións ofertadas por ramas do ensino. Obsérvase como as que rexistraron un maior incremento na oferta de títulos foron as ensinanzas técnicas (76% en ciclo curto e 42% en ciclo longo) e Ciencias Experimentais (especialmente en ciclo curto, cun 59%, e en menor medida os de ciclo longo, cun 25%). Os estudos que menor incremento experimentaron son Humanidades (17%), seguidas polas titulacións de ciclo curto de Ciencias Sociais e Xurídicas (23%). En termos globais, o aumento experimentado na totalidade das titulacións foi do 42% dende 1994-95.

Táboa 3
Evolución do número de titulacións ofertadas (en números índice)

		1994-95	1998-99	2001-02	Resultado
Humanidades	Ciclo longo	100	113	117	↑
Experimentais	Ciclo curto	100	124	159	↑↑↑
	Ciclo longo	100	117	125	↑↑
Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciclo curto	100	117	123	↑↑
	Ciclo longo	100	107	129	↑↑
Ciencias da Saúde	Ciclo curto	100	122	136	↑↑
	Ciclo longo	100	104	114	↑
Técnicas	Ciclo curto	100	148	176	↑↑↑
	Ciclo longo	100	123	142	↑↑
Total		100	121	134	↑↑

Fonte: CCU (varios anos), MEC

A teor da información contida na *Táboa 4*, compróbase que o aumento experimentado pola oferta non foi consecuente co incremento da demanda. Fronte ao crecemento xeneralizado do número de titulacións en todas as áreas, compróbase que en moitas delas, a demanda destas (medida a través da matrícula de novos inscritos) non deixou de diminuír. Este sería o caso de Humanidades (unha perda do 35%), Ciencias Sociais e Xurídicas (no seu ciclo longo perde o 45%) e, en menor medida, o ciclo longo de Ciencias Experimentais (unha redución do

39%). As únicas excepcións a esta tendencia son Ciencias da Saúde (que no seu ciclo curto aumenta un 20% e en ciclo longo un 6%) e o ciclo curto de Ciencias Experimentais, que recolle unha suba similar.

Táboa 4

Matricula de novos inscritos (en números índice)

		1994-95	1998-99	2001-02	Resultado
Humanidades	Ciclo longo	100	98	65	↓↓
Experimentais	Ciclo curto	100	116	106	↑
	Ciclo longo	100	80	61	↓↓
Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciclo curto	100	96	92	↓
	Ciclo longo	100	77	55	↓↓
Ciencias da Saúde	Ciclo curto	100	106	120	↑↑
	Ciclo longo	100	95	106	↑
Técnicas	Ciclo curto	100	92	94	↓
	Ciclo longo	100	94	96	↓

Fonte: CCU (varios anos), MEC

En relación coa oferta e a demanda de estudos, segundo o CCU, durante o curso 2003-04, a universidade pública en España deixou sen cubrir máis de 47.000 prazas (un 17% da oferta global de todas as titulacións ofrecidas). Durante o curso académico 2004-05 ofertáronse 26.500 prazas de novo acceso, das cales máis do 40% pertencen á área de Ciencias Sociais e Xurídicas. A esta cifra hai que engadirlle, ademais, 22.500 prazas de titulacións de só do segundo ciclo e 20.700 de segundo ciclo de ciclo longo.

Resulta canto menos paradoxal que na actualidade convivan titulacións cunha demanda insatisfeita e, ao mesmo tempo, haxa outras nas que a demanda non pode cubrir a oferta e queden prazas vacantes.

- Ciencias Sociais e Xurídicas é a rama que presentou unha maior oferta (141.000), unhas 200 prazas máis que no curso 2002-03. Isto débese á implantación de novos títulos, como Criminoloxía, e ao forte tirón de titulacións como Comunicación ou Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

Algo similar acontece, aínda que con menor intensidade, en Turismo, Administración e Dirección de Empresas, Educación Social e algunhas especialidades de Maxisterio. No resto de titulacións apenas se logrou cubrir as prazas ofertadas. De todas elas, a que máis aumentou foi Turismo (5.695 novas prazas), seguido moi de lonxe por Comunicación Audiovisual e Logopedia (356) e Publicidade e Relacións Públicas (349).

- As titulacións de Ciencias da Saúde tamén incrementaron a oferta de prazas, de xeito similar ás de Ciencias Sociais e Xurídicas, ata alcanzar as 21.400. Polo xeral, estes títulos cobren a súa oferta de prazas e teñen unha grande demanda (ata o 300%). O único caso sería a de Farmacia, na que a oferta é similar á demanda.
- En Ciencias Experimentais a oferta apenas se viu alterada (26.200 prazas). Salvo en Nutrición Humana e Dietética, Óptica e Optometría, Bioloxía, Biotecnoloxía, Ciencias do Mar e Ciencias Ambientais, en xeral, non se adoita cubrir a oferta de prazas. Dende o curso 1994-95 ata o 2002-03 as que experimentaron un maior aumento de matrícula foron Nutrición Humana e Dietética (843 prazas máis), Óptica e Optometría (114) e Ciencias Ambientais (723).
- As ensinanzas técnicas axustaron as súas prazas á baixa (ao redor de 800 menos no curso 2004-05). A razón hai que buscala en que a matrícula se aproxima ao 100% da oferta de prazas, salvo no caso de Enxeñería de Minas e Montes, Enxeñería Técnica Agrícola e de Minas e diplomatura en Máquinas Navais, Navegación Marítima e Radioeléctrica Naval, onde se detecta unha ratio baixa entre demanda e oferta. Enxeñería Técnica de Deseño Industrial (472 prazas máis dende 1994-95), Enxeñería Aeronáutica (186) e Enxeñeiro de Telecomunicacións (136) son as que rexistraron unha maior expansión.
- As Humanidades experimentan tamén unha lixeira readaptación, con 35.100 prazas no curso 2004-05 (750 menos que no 2003-04). Polo xeral, as titulacións desta rama teñen unha demanda menor cá matrícula, a excepción de Belas Artes e de Tradución e Interpretación. Pola contra, Filoloxía Inglesa, Historia, Historia da Arte e Filosofía teñen unha demanda superior ao 65% da oferta, mentres que o resto se atopa por debaixo do 50%; por outra parte, Belas Artes, Historia da Arte e Humanidades foron as que máis incrementaron a súa demanda dende 1994-95.

A pesar desta disparidade de resultados, é conveniente introducir un factor de corrección, xa que a situación de cada titulación pode ser unha ou outra en función de cada universidade, e mesmo de cada centro. En calquera caso, se se consideran todas as titulacións a nivel global, obsérvase que, para acceder a un 57% das carreiras que se imparten en España, é suficiente cunha media de 5 entre a nota de selectividade e o expediente académico. Obter entre un 5 e un 6 permite elixir entre o 82% das carreiras, mentres que só o 5% das titulacións precisa dunha nota superior ao 7 (CCU, 2004).

3. A ANÁLISE DA OFERTA E A DEMANDA NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA⁵

O obxectivo desta epígrafe é estudar en que medida se axustan oferta e demanda para o caso galego. Para alcanzar este obxectivo, seleccionáronse tres dos indicadores máis utilizados: distribución da matrícula segundo a opción satisfeita, nota media de acceso e mobilidade interautonómica e internacional dos alumnos.

3.1. Distribución da matrícula segundo a opción satisfeita

A *Táboa 5* recolle en que medida os estudantes de novo ingreso se matriculan naquelas titulacións que seleccionaron como preferentes. A importancia deste indicador é dobre: por unha parte, reflicte ata que punto a oferta universitaria dunha área xeográfica se adapta á demanda; por outra, pode anticipar as taxas de abandono ou de fracaso dun sistema universitario, xa que, cando os alumnos non acceden á titulación desexada, poden estar menos motivados a finalizar os seus estudos (Muñoz e outros, 2004). Como se aprecia, as tres universidades galegas satisfán en primeira opción o 81% das solicitudes en centros oficiais (fronte ao 79% das UPPE).

Non obstante, este resultado ha de ser interpretado con cautela, posto que, cando os alumnos priorizan as súas opcións, xa as axustan ás súas posibilidades de acceso. Polo tanto, que o 81% dos alumnos se matriculen na titulación que seleccionaron en primeiro lugar non implica necesariamente que a devandita opción coincida coa verdadeiramente desexada. Isto significa que é o propio alumno, en función dos seus rendementos académicos previos, quen se “autoselecciona” nunha ou noutra titulación. A pesar desta limitación, resulta cando menos significativo que só o 19% do estudantado galego (e o 20% do nacional) se matricule nun “second-best”.

Táboa 5

Alumnos matriculados segundo a opción satisfeita (2002-03)

	CENTROS OFICIAIS						ESTRUTURA PORCENTUAL				
	1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	OUTR AS	TOTAL ALUMNOS	1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	OUTR AS
UDC	3.079	425	167	66	42	3.779	81,5	11,2	4,4	1,8	1,1
USC	3.560	601	231	72	59	4.523	78,7	13,3	5,1	1,6	1,3
UVI	3.234	445	120	48	30	3.877	83,4	11,5	3,1	1,2	0,8
SUG	9.873	1.471	518	186	131	12.179	81,1	12,1	4,2	1,5	1,1
UPPE	151.411	18.955	6.741	3.329	10.286	190.722	79,4	9,9	3,5	1,8	5,4

Fonte: Elaboración propia a partir de Hernández (2004)

3.2. Nota media de acceso

Na *Táboa 6* clasifícanse as titulacións en función da nota de acceso para o curso 2003-04. Como se pode apreciar, a rama de Humanidades é a que ten unha oferta menor de titulacións con nota de corte. A máis esixente é Ciencias da Saúde, que para o 70% da oferta, esixe unha nota superior a 6.

A nivel nacional conséntase que a medida que a diminución demográfica é máis evidente, as esixencias para optar a estes estudos resultan menores. Desta forma, só un 5% das titulacións impartidas polo SUG requiren unha nota de corte superior ao 7. Obtendo entre 6 e 7 puntos pódense cursar o 9% das titulacións e, con menos de 6, o 37% das titulacións.

Táboa 6

Número de titulacións en función da súa nota de corte (2003-04)

		UDC		USC		UVI		SUG
		Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº
HUM.	>7	0	0%	0	0%	1	100%	1
	6-7	0	0%	0	0%	0	0%	0
	<6	0	0%	2	29%	5	71%	7
	SN	4	24%	13	76%	0	0%	17
XUR.-SOC.	>7	0	0%	2	67%	1	33%	3
	6-7	0	0%	0	0%	2	100%	2
	<6	11	46%	7	29%	6	25%	24
	SN	7	18%	14	37%	17	45%	38
EXP.	>7	0	0%	0	0%	0	0%	0
	6-7	0	0%	0	0%	0	0%	0
	<6	2	40%	1	20%	2	40%	5
	SN	0	0%	4	100%	0	0%	4
TÉCN.	>7	0	0%	0	0%	0	0%	0
	6-7	2	40%	2	40%	1	20%	5
	<6	9	43%	3	14%	9	43%	21
	SN	7	37%	7	37%	5	26%	19
SAÚDE	>7	1	25%	2	50%	1	25%	4
	6-7	3	38%	3	38%	2	25%	8
	<6	2	50%	1	25%	1	25%	4
	SN	0	0%	1	100%	0	0%	1
TODAS	>7	1	2%	4	6%	3	6%	8 (5%)
	6-7	5	10%	5	8%	5	9%	15 (9%)
	<6	24	50%	14	23%	23	43%	61(37%)
	SN	18	38%	39	63%	22	42%	79 (48%)

NOTA: (1) SN= Sen nota; (2) Nas titulacións SN incluíronse aquelas onde os alumnos entran sen selectividade, xunto coas que non aparecían recollidas na información dispoñible na Xunta.

Fonte: Elaboración propia a partir da Dirección Xeral de Universidades, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia

Esta situación formula un tema polo menos controvertido, que é ata que punto cómpre reducir a nota de corte para cubrir, aínda que sexa parcialmente, as prazas ofertadas por cada titulación. Ou dito doutra forma, é preciso preguntar se non se estarán reducindo excesivamente as esixencias para entrar na universidade. Se isto é así, enfrontámonos a un problema de adecuación claro, que necesariamente precisa de actuacións inmediatas (Muñoz e outros, 2004).

A universidade galega (e a española) leva algún tempo dándose conta desta situación, e nos últimos anos algúns dos campus e centros universitarios comezaron a impartir o chamado “curso 0” ou curso de adaptación para alumnos que remataron o ensino medio e desexan comezar a súa andaina universitaria. Este sería, por exemplo, o caso da Universidade Carlos III na Comunidade de Madrid ou da Universidade de Vigo na Comunidade galega.

Algúns estudos do ámbito xurídico-social seguiron unha evolución similar. No curso 2003-04 máis do 56% non esixían nota de acceso (fronte ao 10% en 2001-02), o que indica que varias titulacións desta rama están a atravesar unha situación similar á de Humanidades. Na situación contraria atópanse as titulacións de Ciencias da Saúde. É nesta rama onde se esixen maiores notas de corte (un 24% máis de 7 puntos e un 47% entre 6 e 7 puntos). É obvio, polo tanto, que nesta rama se atopan as carreiras máis solicitadas, ben porque a oferta é moi inferior á demanda, ben polas súas mellores saídas laborais.

Algo similar aconteceu a nivel nacional (*Táboa 7*), onde se comproba para o curso 2003-04 a existencia de diferenzas nas notas de corte. Porén, é preciso volver recordar que estas diferenzas poden responder a cuestións moi dispares e xerar interpretacións pouco axeitadas, xa que sempre debe ser a nivel de titulación cando se explica axeitadamente a variación da presión da demanda.

Táboa 7

Nota de corte por área e ciclo (2003-04)

	Ciclo longo	Ciclo curto
Ciencias da Saúde	6,9	6,5
Ensinanzas Técnicas	5,9	5,4
Ciencias Experimentais	5,3	5,5
Ciencias Sociais e Xurídicas	5,5	5,3
Humanidades	5,1	-

Fonte: Elaboración propia a partir de CCU (varios anos), MEC

Así, na rama de Ciencias da Saúde obsérvase como a nota de corte en ciclo longo é de 6,9 e en ciclo curto de 6,5. Non obstante, por titulacións, Medicina

(7,6), Fisioterapia (7,5) e Odontoloxía (7,4) son as carreiras cunha nota de acceso máis alta, moi por enriba da media xeral.

Algo parecido acontece en Ensinanzas Técnicas, onde se observa que, tras o 5,9 e 5,5 de nota de corte para titulacións de ciclo longo e curto, se comproba unha realidade distinta por carreira. Este sería o caso de Enxeñeiro Aeronáutico (7,7), Arquitecto (6,5) e Enxeñeiro de Telecomunicacións (6,3), que esixen notas de acceso sensiblemente superiores á media.

As notas de corte en Ciencias Sociais e Xurídicas (5,3 e 5,5 para ciclo curto e longo, respectivamente) esconden situacións tan dispares como o de Comunicación Audiovisual (7,4), Xornalismo (6,9) e Publicidade e Relacións Públicas (6,8). En Ciencias Experimentais (5,4 e 5,3), atópase Nutrición e Dietética (6,4) coa nota máis alta de corte. Finalmente, en Humanidades (5,1), Tradución e Interpretación (5,9) ten a nota máis alta.

Esta paulatina diminución nas notas de acceso pode xerar algúns problemas, xa que, se as institucións admiten alumnos cuxas capacidades son inferiores ás que necesariamente se precisan e o profesorado non é quen de adaptar a súa metodoloxía de ensino á nova situación, a duración dos estudos poderíase prolongar en exceso e/ou incrementarse as taxas de abandono.

3.3. Mobilidade dos alumnos: interautonómica e internacional

Do total de alumnos do SUG no curso 2001-02, o 96,5% da matrícula tiña un domicilio declarado dentro da Comunidade Autónoma de Galicia (*Táboa 8*), xa que o habitual é que os alumnos procedan maioritariamente da provincia onde ten a súa sede a universidade. No curso 2000-01 o 77% dos alumnos do SUG tiñan unha procedencia provincial e o 18% unha procedencia autonómica (Muñoz e outros, 2004).

O 3,5% restante do alumnado do SUG tiña o seu domicilio habitual fóra de Galicia, a maior parte en zonas limítrofes de influencia do SUG, especialmente en Asturias e Castela e León. Este resultado contrasta co número de estudantes galegos que decidiron cursar estudos noutras comunidades autónomas (6,8% do total). Desta porcentaxe, máis da metade estaban matriculados na Comunidade Autónoma de Madrid e, en menor medida, en Castela e León. Esta situación reflicte unha balanza negativa no fluxo migratorio de alumnos no SUG.

A capacidade de atracción de Madrid é evidente, tanto para os estudantes universitarios en xeral, como galegos en particular. O motivo disto xa non é, como acontecía antes, a inexistencia de titulacións no SUG, senón que pode responder a unha calidade maior (polo menos a nivel percibido) nas ensinanzas impartidas nas universidades madrileñas. Un segundo factor que pode explicar este feito é a posi-

bilidade de realizar estudos universitarios nalgunha das universidades privadas existentes na provincia, unha oferta non dispoñible en Galicia, xa que na Comunidade Autónoma galega non existen propiamente universidades privadas.

O comportamento anterior non é exclusivo dos estudantes galegos. Máis do 15% dos alumnos presenciais na Comunidade Autónoma de Madrid no curso 2001-02 tiñan declarado un domicilio fóra desa Comunidade. Por esta orde, Andalucía, Asturias, Canarias, Castela-A Mancha, Castela e León, Estremadura e, finalmente, Galicia eran as que achegaban un maior número de alumnos ao sistema universitario madrileño.

Táboa 8

Fluxos de entrada e saída de poboación universitaria (2001-02)

	% alumnos do SUG con domicilio en Galicia	% alumnos que entran	% universitarios residentes en Galicia e matriculados no SUG	% alumnos que saen	Categoría
Andalucía	96,4	3,6	96,7	3,3	+
Aragón	88,7	11,3	86,9	13,1	-
Asturias	96,4	3,6	86,1	13,9	--
Baleares	98,9	1,1	71,0	29	--
Canarias	98,2	1,8	91,1	8,9	--
Cantabria	90,4	9,6	72,4	27,6	--
Castela-A Mancha	90,3	9,7	61,5	38,5	--
Castela e León	84,8	15,2	86,9	13,1	+
Cataluña	95,5	4,5	99,0	1	+
Estremadura	94,9	5,1	76,9	23,1	--
Galicia	96,5	3,5	93,2	6,8	-
A Ríoxa	81,2	18,8	59,4	40,6	--
Madrid	82,5	17,5	97,5	2,5	++
Murcia	92,3	7,7	87,2	12,8	-
Navarra	66,7	33,3	73,7	26,3	++
País Vasco	93,7	6,3	89,1	10,9	-
Valencia	93,7	6,3	95,2	4,8	++

NOTA: (--) Claro emisor (-) Lixeiro emisor (+) Lixeiro receptor (++) Claro receptor

Fonte: Elaboración propia a partir de MECD (2003a)

A *Táboa 9* resume a matrícula internacional do SUG. Como se aprecia, esta desempeña un papel marxinal para o caso da UDC e a USC, aínda que presenta certa importancia na UVI (1,5% do total). Do total de estudantes internacionais, o 66% sono de fóra da UE (na súa maioría de países latinoamericanos), sendo esta distribución similar á das UPPE.

Dende unha perspectiva comparada, obsérvase que o grao de internacionalización alcanzado polo SUG só é a metade do logrado de media polas UPPE. A consecuencia que se obtén é inmediata: un dos retos pendentes da universidade galega é a internacionalización da matrícula, especialmente aquela que procede dos países europeos.

Táboa 9
Matrícula internacional (2003-04)

	Estranxeiro UE	Outros estranxeiros	Total	% de estranxeiros
UDC	25	91	116	0,4%
USC	92	109	201	0,6%
UVI	210	212	422	1,6%
SUG	327	412	739	0,9%
UPPE	4.645	14.913	19.558	1,4%

Fonte: CCU (2003-04), MEC

4. O AXUSTE ENTRE OFERTA E DEMANDA DE TITULACIÓNS

O paso previo para medir o axuste oferta-demanda é coñecer a evolución de ambas as dúas magnitudes. Para iso pódense utilizar varios indicadores. Os que permiten unha medición máis correcta son: a ratio entre *demanda e oferta (D/O)*, que determina cal é o grao de aceptación de determinada titulación, e a de *matrícula entre oferta (M/O)*, que permite coñecer se a matrícula se axusta ou non á oferta. Un terceiro indicador, combinación dos dous anteriores, sería o que se obtería comparando M/O con D/O, que establece ata que punto a matrícula se cobre ou non con máis alumnos dos que demandan en primeira opción. A *Táboa 10* establece os posibles escenarios.

Táboa 10
Posibles escenarios de demanda, matrícula e oferta

D/O	>100 (titulacións con forte demanda) <100 (titulacións con baixa demanda)
M/O	>100 (titulación non axustada á oferta) <100 (titulación non axustada á demanda)
D/O e M/O	M/O>D/O (matrícula cuberta con máis alumnos dos que demandan en primeira opción) M/O<D/O (matrícula cuberta con menos alumnos dos que demandan en primeira opción)

Fonte: Elaboración propia

A *Táboa 11* recolle conxuntamente información sobre a oferta e demanda das titulacións e a matrícula para o curso 2002-03, clasificadas por ámbito e duración dos estudos.

Do total de prazas de novo ingreso no curso 2003-04 (15.667), foron cubertas 13.962 (89% da oferta), aínda que inicialmente foran solicitadas 17.827 (114% da oferta). Realizando unha análise por ámbito científico, pódense distinguir as seguintes situacións:

- *Titulacións cunha demanda insatisfeita* (aquelas onde a ratio *demanda/oferta* supera a ratio *matrícula/oferta* nunha proporción igual ou superior ao 100%). Este é o caso dos estudos experimentais de ciclo curto e Ciencias da Saúde, nos que os últimos anos a súa demanda practicamente triplica a oferta.
- *Titulacións con demanda non materializada*, trataríase daquelas cunha demanda superior á oferta pero nas cales, no momento de concretar a matrícula, o número de estudantes non cobre as prazas ofertadas. Neste caso atopariámonos cos estudos técnicos.
- *Titulacións onde a demanda inicial xa non cobre a oferta de prazas*. Neste escenario encontrariámonos coas titulacións da área de Ciencias Xurídico-Sociais, Experimentais de ciclo longo e Humanidades. Nestas últimas, a oferta practicamente duplica a demanda. Dentro deste heteroxéneo grupo de titulacións pódense distinguir, á súa vez, dúas situacións:
 - Aquelas nas que a matrícula aínda é menor que a demanda en primeira opción (*oferta non cuberta*): Ciencias Xurídico-Sociais de ciclo longo e Humanidades.
 - Aquelas nas que a matrícula é superior á demanda inicial, o que implica que estas absorben alumnos que non as solicitaron como opción preferente. Para os alumnos funcionan como *titulacións "refuxio"*. Trátase de Ciencias Xurídico-Sociais e Experimentais, ambas as dúas de ciclo curto.

Como é evidente, a clasificación anterior está directamente relacionada coas notas de corte recollidas na *Táboa 6*, de modo que, a maior demanda, máis nota de corte. O exemplo máis evidente sería a das titulacións da área de Ciencias da Saúde.

Táboa 11

Oferta, demanda e matrícula segundo a rama e a duración dos estudos no SUG (2003-04)

ÁMBITO	CICLO	OFERTA	DEMANDA	MATRÍCULA	D/O	M/O	SITUACIÓN
SAÚDE	CC	765	2.844	801	372%	105%	<i>Demanda insatisfeita</i>
	CL	695	2.704	748	389%	108%	<i>Demanda insatisfeita</i>
	TOTAL	1.460	5.548	1.549	380%	106%	
EXPERIMENTAIS	CC	80	110	90	138%	113%	<i>Demanda insatisfeita</i>
	CL	1.135	1.018	1.071	90%	94%	<i>Titulación refuxio</i>
	TOTAL	1.215	1.128	1.161	93%	96%	
XURÍDICO-SOCIAIS	CC	4.597	3.357	4.298	73%	93%	<i>Titulación refuxio</i>
	CL	3.185	3.084	2.775	97%	87%	<i>Oferta non cuberta</i>
	TOTAL	7.782	6.441	7.073	83%	91%	
TÉCNICAS	CC	2.150	2.300	2.025	107%	94%	<i>Demanda non materializada</i>
	CL	1.040	1.193	1.028	115%	99%	<i>Demanda non materializada</i>
	TOTAL	3.190	3.493	3.053	109%	96%	
HUMANIDADES	CL	2.020	1.217	1.126	60%	56%	<i>Oferta non cuberta</i>
TOTAL	Total CC	7.592	8.611	7.214	113%	95%	
	Total CL	8.075	9.216	6.748	114%	84%	
	Total	15.667	17.827	13.962	114%	89%	

NOTA:
 (1) Enténdese por demanda o número de preinscritos ou solicitantes dunha titulación en primeira opción.
 (2) Para a determinación numérica das prazas cando a oferta é SL (sen límite), traballouse co seguinte criterio: cando a demanda é superior a 75, Oferta SL = Demanda, e cando a demanda é inferior a 75, Oferta = 75.

Fonte: Elaboración propia a partir de MECD (2003b)

Chegados a este punto, e de cara a establecer posibles comparacións, conviña saber se esta situación é a mesma para o resto de universidades. A partir da *Táboa 12* conséntase que, se ben no curso 2002-03, a ratio D/O a nivel nacional é lixeiramente superior (117%) á media galega (114%) e M/O é notablemente inferior (99%) fronte ao 89% de media no SUG, para o curso académico 2003-04, a situación variou notablemente, posto que ambas as dúas ratios experimentan, a nivel nacional, un descenso moi importante, colocándose por debaixo dos resultados a nivel galego.

Táboa 12

Oferta, demanda e matrícula na universidade española

	2002-03 (A)	2003-04 (B)	Dif (B/A)
Oferta	269.679	271.335	0,6%
Demanda	316.217	268.882	-15%
Matrícula	226.255	224.554	0,7%
D/O	117%	84%	
M/O	99%	83%	

Fonte: CCU (various anos) MEC

Por ramas de ensino, a *Táboa 13* realiza o mesmo exercicio de comparación que o recollido na *Táboa 11* para o *SUG*, pero neste caso para o total nacional, observándose un comportamento lixeiramente distinto nalgunhas ramas e ciclos, en especial en Humanidades, onde se ve que a demanda se satisfai completamente, e no ciclo curto da área Xurídico-Social, que en vez de ser refuxio presenta unha demanda insatisfeita.

Táboa 13

Indicadores de D/O e M/O por duración de estudos e ramas a nivel nacional (2002-03)

ÁMBITO	CICLO	OFERTA	DEMANDA	MATRÍCULA	D/O	M/O	SITUACIÓN
SAÚDE	CC	8.521	23.198	8.792	272%	103%	<i>Demanda insatisfeita</i>
	CL	8.729	27.107	9.052	311%	104%	<i>Demanda insatisfeita</i>
	TOTAL	17.250	50.305	17.844	292%	103%	
EXPERIMENTAIS	CC	2.793	2825	1986	101%	71%	<i>Demanda insatisfeita</i>
	CL	17.936	12.455	14.279	69%	80%	<i>Titulación refuxio</i>
	TOTAL	20.729	15.280	16.265	74%	78%	
XURÍDICO-SOCIAIS	CC	60.424	59.045	54.223	98%	90%	<i>Demanda insatisfeita</i>
	CL	48.629	47.820	43.380	98%	89%	<i>Oferta non cuberta</i>
	TOTAL	109.053	106.865	97.603	98%	90%	
TÉCNICAS	CC	46.380	39.631	37.195	85%	80%	<i>Demanda non materializada</i>
	CL	20.348	23.267	19.429	114%	95%	<i>Demanda non materializada</i>
	TOTAL	66.728	62.898	56.624	94%	85%	
HUMANIDADES	CL	30.839	18.100	18.921	59%	59%	<i>Oferta cuberta</i>
TOTAL	Total CC	118.118	124.699	102.196	106%	82%	
	Total CL	126.481	128.749	105.061	102%	82%	
	Total	244.599	253.448	207.257	104%	82%	

NOTA: (1) Enténdese por demanda o número de preinscritos ou solicitantes dunha titulación en primeira opción. (2) Para a determinación numérica das prazas cando a oferta é SL (sen límite), traballouse co seguinte criterio: cando a demanda é superior a 75, Oferta SL = Demanda, e cando a demanda é inferior a 75, Oferta = 75.

Fonte: CCU (varios anos), MEC

En Garreta (2004) establécese, a partir de información do CCU, unha análise rexional da situación de axuste-desaxuste entre a matrícula e a oferta de titulacións na universidade española. A partir deste traballo, pódese obter un conxunto de resultados que nos permiten establecer catro escenarios distintos:

- Un primeiro grupo de comunidades cunha ratio (M/O \geq 90%), formado polo País Vasco, Navarra, Madrid e Cataluña, onde a matrícula logra certo axuste coa oferta.
- Un segundo grupo de comunidades, formado pola Rioxa, Castela-A Mancha e Castela e León, onde a matrícula é notablemente inferior á oferta (cunha ratio M/O $<$ 70%).

- Un terceiro grupo, constituído unicamente por Andalucía, onde a preinscrición é inferior á matrícula.
- Un último clúster formado polo resto de comunidades, entre elas, a galega, que se atopa nunha situación intermedia de axuste (onde M/O € [75-89%]).

Polo tanto, compróbase como a nivel nacional, existen comportamentos ben distintos en relación co grao de axuste-desaxuste entre a matrícula e a oferta de titulacións, que inducen a pensar que as comunidades do primeiro grupo lograron adecuar mellor ambos os dous indicadores, co conseguinte grao de eficiencia na disposición dos recursos. Se isto é así, conviría tomar boa nota desta situación para mellorar o grao de adecuación entre a oferta e a demanda no resto de comunidades autónomas.

5. CONSIDERACIÓNS FINAIS

Como se deduce da información presentada ao longo do artigo, o ámbito da educación universitaria sufriu un cambio radical nos últimos anos e o SUG non permaneceu alleo a esta transformación. A partir do analizado, é posible sinalar un conxunto de recomendacións de cara a alcanzar uns mellores resultados no noso sistema de titulacións.

- En primeiro lugar, débese aproveitar o actual proceso de adaptación do sistema de títulos ás pautas que marca o Espazo Europeo de Educación Superior. Este esforzo debe ser tomado conxuntamente, tanto pola Administración estatal como polas propias universidades. Recordemos que no Decreto de grao, aprobado polo MEC en xaneiro de 2005, o Ministerio de Educación e Ciencia reserva para si a capacidade de establecer entre un 50-75% de troncalidade para cada titulación, pero deixa unha marxe de manobra de entre o 25-50% para que as universidades adapten axeitadamente os seus contidos.

Esta oportunidade de implantar un importante contido común en cada unha das carreiras que se impartirán en España é unha ocasión única para adecuar os nosos títulos non só á demanda nacional, senón tamén á internacional. Como se sinalou no parágrafo anterior, neste proceso deben participar activamente as universidades, que teñen un importante papel para fixar os contidos de cada titulación, tanto en materias obrigatorias, como optativas ou de libre elección. Unha opción realmente moi interesante sería a de incluír prácticas obrigatorias en todas as titulacións, opción que está a dar excelentes resultados á hora da colocación nas empresas dos que acaban de obter o título.

- En segundo lugar, e unido ao anterior, débese mellorar a información aos estudantes acerca das posibilidades de colocación e rendibilidade dos estu-

dos que cursan. En moitas ocasións, o alumno carece da suficiente información sobre as expectativas laborais dos estudos que está a cursar. Se coñece o grao de empregabilidade, é seguro que esta información lle será moi rendible para inclinar a balanza na decisión sobre cursar unha determinada titulación (Vaquero, 1998).

Sen dúbida, este será uns dos retos aos que debe facer fronte de inmediato o SUG (e a universidade española en xeral), en tanto que a competencia polo emprego xa non é unha cuestión nacional, dado que a educación non entende de fronteiras. Estamos inmersos nun sistema universitario europeo, global, internacional, no que aqueles titulados que adquiran a mellor formación, o ensino máis competitivo, serán os máis demandados polos empresarios e terán as maiores e mellores oportunidades laborais.

Polo tanto, o SUG ten unha inxente tarefa para adecuar as súas titulacións ás demandas sociais, cuestión á que debe dedicarse o máximo esforzo. Non obstante, non se debe caer na trampa de aplicar criterios puramente economicistas á oferta de titulacións; nada máis lonxe do noso obxectivo. O único que se pretende é unha orientación moito máis real e unha axeitada adaptación ás esixencias do noso ámbito. Cómpre sinalar que actualmente a mobilidade dos estudantes (e titulados), lonxe de ser algo utópico e marxinal, é cada vez máis importante. Se a todo iso unimos a aplicación dun sistema europeo homoxéneo na maior parte dos países, isto provocará que, se as empresas non dispoñen de titulados españois suficientemente preparados, inevitablemente captarán no estranxeiro os seus futuros traballadores.

- En terceiro lugar, outra das liñas prioritarias de actuación é a necesidade de proceder de xeito claro e evidente coa internacionalización do ensino superior. Esta estratexia entronca claramente co proceso de adaptación do noso sistema de titulacións no EEES, xa que se os estudos que se ofrecen en Galicia e España son similares aos do resto de Europa, posiblemente logremos captar un maior número de estudantes.

- Finalmente, é necesario recordar que unha das principais cuestións ás que debe facer fronte a universidade española en xeral e o SUG en particular, é a redución da matrícula. Debido ao descenso das cohortes de potenciais alumnos, moitas universidades atópanse nestes momentos nunha situación financeira delicada; baste citar o exemplo da Universidade de Santiago de Compostela, que tivo que aprobar un plan de saneamento financeiro para os próximos anos. Como é coñecido, os recursos financeiros diminúen cando se reducen os alumnos, porque a maioría das universidades españolas mantén o seu financiamento estreitamente vinculado ao número de estudantes. Paralelamente, a competencia polo alumnado,

tanto a nivel nacional como internacional, estase incrementando. A captación de alumnado pasou a ser un dos principais obxectivos das universidades e este proceso depende do atractivo e da calidade da oferta de cada institución.

Neste sentido, para a captación de alumnos débense considerar actuacións alternativas ao simple descenso da nota de corte. Nos últimos anos optouse por compensar a caída do alumnado universitario cunha evidente redución da nota de acceso (Vaquero, 2002). O anterior é unha actuación canto menos cuestionable e, a longo prazo, perigosa, dado que os potenciais entrantes poden non reunir os requisitos mínimos para rematar, en prazo, unha titulación universitaria.

Empregar un criterio tan laxo coma este pode supoñer a curto prazo unha entrada masiva de alumnos, pero a longo prazo podémonos atopar con altas taxas de abandono universitario e cunha poboación universitaria que tarda moito en finalizar os seus estudos. Os efectos económicos, persoais e sociais poden ser moi graves; o custo económico de taxas de abandono elevadas supón unha rémora moi importante (Muñoz e outros, 2004) tanto a nivel social como persoal e debe ser considerado na súa xusta medida se o que se pretende é un acceso masivo á universidade.

Ademais, é preciso formular outras medidas para paliar este descenso do alumnado tradicional da universidade. Faise necesario apostar decididamente por actuacións que permitan captar outro tipo de alumnos (Vaquero, 2002 e 2005). Por exemplo, programas de terceiro ciclo máis atraentes (máster e doutorado demandados polo mercado), cuarto ciclo (programas para maiores de 55 anos), formación continua, etc., son alternativas que aínda non se explotaron o suficiente e que realmente paga a pena probar.

6. BIBLIOGRAFÍA

- CONSEJO DE COORDINACIÓN UNIVERSITARIA (varios anos) *Estadística Universitaria*. Madrid, MEC.
- CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA (varios anos) www.xunta.es. Santiago de Compostela.
- GARRETA, N. (2004) Oferta y demanda de titulaciones universitarias, en *Actas de los Encuentros de Servicios de Información y Orientación Universitarios*. León, Universidade de León.
- HERNÁNDEZ, J. (2002) *Información académica, productiva y financiera de las Universidades Públicas de España. Indicadores Universitarios. Curso académico 2000-2001*. Conferencia de Reitores das Universidades Españolas.
- HERNÁNDEZ, J. (2004) *Información académica, productiva y financiera de las Universidades Públicas de España. Indicadores Universitarios. Curso académico 2002-2003*. Conferencia de Reitores das Universidades Españolas.

- LAGO, S. e VAQUERO, A. (2002) (Coords.) O sistema universitario galego: balance e perspectivas, *II Xornadas do Instituto de Desenvolvemento Económico de Galicia*. www.idegaweb.usc.es
- LEI ORGÁNICA 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.
- MECD (2003) *Estudio sobre la movilidad de estudiantes en Universidades presenciales. Evolución cursos 1998-99 y 2001-02*. Madrid, Secretaría General del Consejo de Coordinación Universitaria.
- MECD (2003a) *Estudio sobre la oferta, demanda y matrícula de nuevo ingreso en las Universidades públicas para el curso 2002-03*. Madrid, Secretaría General del Consejo de Coordinación Universitaria.
- MUÑOZ, E. e Outros (2004) *Los costes de calidad del Sistema Universitario Gallego*. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, Xunta de Galicia.
- VAQUERO, A. (1998) Análise dos rendementos da educación en Galicia, *Revista Galega do Ensino* (21) 137-156.
- VAQUERO, A. (2002) *El campus de Ourense en el contexto universitario gallego*. Vigo, Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.
- VAQUERO, A. (2005) *Inversión educativa y mercado de trabajo en Galicia: Un escenario de luces y sombras*. Vigo, Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

7. NOTAS

- ¹ Cada universidade garante, ademais da formación superior, investigación e un conxunto de servizos á comunidade (tanto universitaria como non universitaria).
- ² Se ben cada universidade ten capacidade para fixar o prezo público que cobra aos seus estudantes, o CCU establece, a nivel nacional, o prezo mínimo e máximo por crédito.
- ³ Na práctica isto supón que o MEC establece a parte común (troncalidade) de cada titulación que se imparte en España para que sexa considerado como título oficial.
- ⁴ Título VIII, artigo 43 da LOU.
- ⁵ En Lago e Vaquero (2002) pódese atopar un balance da situación do Sistema Universitario de Galicia.

Data de aceptación definitiva: 29/12/05